Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/41	GOB19I00B1	
6K5K 3G14 001Y 3K2D 0ZM6		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/DªMARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ **SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:** D/Dª MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezaseis de abril de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra.Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretaria MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, a Secretaria substituta. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR NA RUA IRMANS PITA , Nº43..-

(…)

PRIMEIRO: **Arquivar** o procedemento de declaración de caducidade iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello do día 26.01.2023 respecto da solicitude formulada por a Iván Purriños B. da licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar na rúa Irmáns Pita núm. * (Ref. catastral 5160022NJ6155N), polos motivos citados na parte expositiva.

SEGUNDO: **Outorgar** a Iván Purriños B. a licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar sita na rúa Irmáns Pita núm. * (Ref. catastral 5160022NJ6155N), con suxeción as seguintes condicións:

a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 19.03.2018 (exp. 48/2017).
b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo COAATIEAC o día 03.12.2019, e demais documentación presentada aos efectos.

TERCEIRO: Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

CUARTO: Dar conta desta resolución aos servicios económicos municipais e notificala ao interesado.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A..-

(…)

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación das funcións dos postos **02.05.A002, 02.05.A003, 02.05.A004, 02.05.A005, 02.05.A006**, do seguinte xeito:

I. Asesorar ao concello e aos seus organismos autónomos en materia propia de seu ámbito, procurando un sentido global e coherente das actuacións a nivel interno e externo.
II. Realizar a tramitación derivada dos proxectos de urbanismo e apoio a xefatura.
III. Informar tecnicamente os expedientes urbanísticos, valoracións e inspeccións de proxectos.
IV. Desenvolver proxectos urbanísticos asignados baixo criterios e pautas preestablecidos.
V. Coordinar a execución de obras e proxectos.
VI. Verificar que os traballos integren os principios de prevencións de riscos e seguridade no traballo.
VII. Informar o cumprimento da normativa e regulamentos de aplicación en materia urbanística e medioambiental.

Estas funcións serán desenvolvidas dentro do marco competencia para o que a titulación de Arquitecto/a técnico sexa habilítante conforme a normativa vixente.

SEGUNDO.- Notificar aos interesados para os efectos oportunos

TERCEIRO.- Aprobar a **modificación das bases específicas e convocatoria para a provisión dunha praza de arquitecto técnico,** aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 20.02.2025, do seguinte xeito:

4.- Función do posto de traballo.-

I. Asesorar ao concello e aos seus organismos autónomos en materia propia de seu ámbito, procurando un sentido global e coherente das actuacións a nivel interno e externo.
II. Realizar a tramitación derivada dos proxectos de urbanismo e apoio a xefatura.
III. Informar tecnicamente os expedientes urbanísticos, valoracións e inspeccións de proxectos.
IV. Desenvolver proxectos urbanísticos asignados baixo criterios e pautas preestablecidos.
V. Coordinar a execución de obras e proxectos.
VI. Verificar que os traballos integren os principios de prevencións de riscos e seguridade no traballo.
VII. Informar o cumprimento da normativa e regulamentos de aplicación en materia urbanística e medioambiental.

Estas funcións serán desenvolvidas dentro do marco competencia para o que a titulación de Arquitecto/a técnico sexa habilítante conforme a normativa vixente.

CUARTO.- **Publicar o punto anterior no Boletín Oficial da Provincia** aos efectos do disposto na normativa vixente en materia de selección dos empregados públicos

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- DAR CONTA DA RECTIFICACIÓN DE ERRO NA TRASNCRIPCIÓN NO PADRÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO DO 4º TRIMESTRE DE 2024 ..-

Vista a proposta formulada que di así: Dáse conta a esta Xunta de Goberno Local, que por Resolución de Alcaldía (ING19I037X), de data 12/04/2025, acordouse:

“Primeiro. – Avogar con carácter singular a competencia delegada, por Resolución da Alcaldía de 22.06.2023, na Xunta de Goberno Local para a rectificación do acordo de aprobación do padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 4º trimestre do ano 2024.

Segundo.- Rectificar o erro de feito existe na tarifa recollida nas liquidacións que se indican, de tal xeito que onde di:

Número abonado	Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral	Tarifa	Identificación valor lixo	Lixo
40846	JAN P.KRAAIJENOORD		CM / CAMIÑO DA CABRITA , *	001302900NJ71G0001TT	Doméstica	16952401U0077234	27,66
40852	JORGE R.PAZ		CM / TRAVESIA DE LAGOELA , *	0134903NJ7203S0002ZG	Doméstica	16952401U0077233	27,66
40634	RUBEN GUERRERO L.		C / ESTRADA XERAL DE SEDES , *	9618107NJ6291N0001TL	Doméstica	16952401U0077235	27,66

Debe dicir:

Número abonado	Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral	Tarifa	Identificación valor lixo	Lixo
40846	JAN P.KRAAIJENOORD		CM / CAMIÑO DA CABRITA , *	001302900NJ71G0001TT	Doméstica	16952401U0077234	22,89
40852	JORGE R.PAZ		CM / TRAVESIA DE LAGOELA , *	0134903NJ7203S0002ZG	Doméstica	16952401U0077233	22,89
40634	RUBEN GUERRERO L.		C / ESTRADA XERAL DE SEDES , *	9618107NJ6291N0001TL	Doméstica	16952401U0077235	22,89

Terceiro.- Dar traslado do acordo á *Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico SA (COSMA)* para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Cuarto.- Ordenar se leven a cabo as operacións e/ou rexistros contables derivadas do acordo.

Quinto.- Dar conta do acordo á Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 .- DAR CONTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO DE FEITO NO PADRÓN DE CONTRIBUINTES POR AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN,CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO DO 1º TRIMESTRE DE 2025..-

Vista a proposta formulada que di así: Dase conta a esta Xunta de Goberno Local que por Resolución da Alcaldía (ING19I0369), de data 10/04/2025, acordouse:

“Primeiro. – Avogar con carácter singular a competencia delegada, por Resolución da Alcaldía de 22.06.2023, na Xunta de Goberno Local para a rectificación do acordo de aprobación do padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 1º trimestre do ano 2025.

Segundo.- Rectificar o erro de feito existe no nome e NIF do titular do contrato núm. 41292, de tal xeito que onde di:

Número abonado	Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral

Número abonado	Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral
41292	PARDO&GONZALEZ SL	B70414040	CR/CASTELA, 455 ,	6179016NJ6167N0002LD

Debe dicir:

Número abonado	Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral
41292	PARDO&GONZALEZ INVERSIONES SL	B70394457	CR/CASTELA, 455 ,	6179016NJ6167N0002LD

Terceiro.- Dar traslado do acordo á *Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico SA (COSMA)* para o seu coñecemento e aos efectos oportunos con indicación da súa obriga de notificar a liquidación correcta a PARDO&GONZALEZ INVERSIONES SL.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás interesadas indicándolles que contra o acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos:
Con carácter preceptivo recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto no artigo 14.2 do real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da dita resolución, ou no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto, segundo establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Quinto.- Dar conta do acordo á Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ABRIL 2025 E LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS COMPLEMENTARIAS DE MARZO 2025 ..-

(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de abril de 2025, por importe de **7.626,60 €** e **44 recibos.**

SEGUNDO: Aprobar as liquidacións tributarias complementarias das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de marzo de 2025, por importe de **1.890,45 €** e **26 recibos.**

TERCEIRO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

CUARTO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

QUINTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA INSCRICIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE ABRIL 2025 ..-

(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de abril de 2025, cun importe de 31.479,08 € e 1.595 contribuíntes.

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais,

entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DE ABRIL 2025..-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal das taxas polos servizos prestados nas Escolas Infantís Municipais, do mes de abril de 2025, cun total de 221 contribuíntes e por importe de 7.556,93 €.

Segundo: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Terceiro: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4